

Orde do ____ de ____ de 2016, pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no artigo 13.3 e 13.4 como nos artigos 30.5 e 30.6, e 31.5 e 31.6, establece a posibilidade de que a consellería con competencias en materia de educación poida ofrecer materias de libre configuración autonómica elixibles polos centros docentes no horario establecido de libre configuración.

En virtude da citada habilitación normativa ditouse a Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Co obxecto de seguir incrementando as opcións de elección dos centros docentes, dentro do seu marco de autonomía, e do seu alumnado, amplíase o número de materias de libre configuración autonómica, de xeito que se adecúen aos proxectos educativos dos centros docentes ao tempo que se desenvolven as competencias clave e os elementos transversais.

En consecuencia, de conformidade co exposto e no uso da habilitación normativa que figura na disposición derradeira segunda do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, como conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ACORDO:

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

1. Esta orde ten por obxecto ampliar a relación de materias de libre configuración autonómica propostas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e elixibles polos centros docentes dentro do horario de libre configuración, tanto en educación secundaria obrigatoria como

en bacharelato, así como regular o seu currículo e a súa oferta.

2. Esta orde será de aplicación en todos os centros docentes dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que impartan as ensinanzas mencionadas.

Artigo 2. Novas materias de libre configuración autonómica elixibles

1. Os centros docentes, ademais das materias establecidas na Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta, poderán ofrecer, en función da dispoñibilidade dos recursos e da organización do centro, as seguintes materias: Igualdade de Xénero e Obradoiro de Música na etapa de educación secundaria obrigatoria, e Electrotecnia na etapa de bacharelato.

2. A materia de Igualdade de Xénero poderá ofrecerse en primeiro e/ou segundo curso de educación secundaria obrigatoria. O alumnado poderá cursala nun dos cursos segundo a oferta establecida polo centro docente. De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde de 15 de xullo de 2015 esta materia terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.

3. A materia de Obradoiro de Música poderá ofrecerse no primeiro curso de educación secundaria obrigatoria. De acordo co establecido no artigo 3.2 da Orde de 15 de xullo de 2015 esta materia terá unha carga horaria dun período lectivo semanal.

4. A materia de Electrotecnia poderá ofrecerse en segundo curso de bacharelato. De acordo co establecido no artigo 3.4 da Orde de 15 de xullo de 2015 esta materia terá unha carga horaria de dous períodos lectivos semanais.

5. Os requisitos para a oferta das materias polos centros docentes serán os establecidos no artigo 4 da Orde de 15 de xullo de 2015.

6. Como anexo a esta orde inclúese o currículo das novas materias de libre configuración autonómica relacionadas nos puntos 2, 3 e 4 deste artigo.

Disposición derradeira primeira. Habilitación para o desenvolvemento normativo

Facúltase a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para adoptar os acordos e ditar as resolucións que consideren oportunas no desenvolvemento desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, a ____ de _____ de 2016

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA DE ELECCIÓN PARA OS CENTROS DOCENTES EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

Obradoiro de Música

Introdución

A materia de Obradoiro de Música concíbese como unha continuación da formación musical recibida polo alumnado na Educación Primaria, que lle permitirá ampliar e desenvolver en contextos diversos, os coñecementos e capacidades para gozar da música como creador/a, como intérprete e como oínte.

Da mesma maneira, e apreciando o valor socializador e de traballo en conxunto que a interpretación musical propicia, esta materia pretende contribuír á integración e ao desenvolvemento persoal

do alumnado que chega por primeira vez á Secundaria, tanto no que atinxe á interpretación en grupo como á necesidade de enfrontarse ó seu propio desenvolvemento persoal empregando a voz e o corpo para facer música.

Considerando que a música ten como finalidade primordial a comunicación, é necesario que o alumnado conte coas ferramentas necesarias que o axuden a comprender o feito musical. Neste sentido, débese favorecer que o alumnado se implique activamente no proceso artístico musical. A interpretación vocal e instrumental son os dous eixos arredor dos cales se organiza esta materia; está estruturada en bloques diferenciados nos que se alterna a escoita activa e a interpretación, que deben ser presentados nas actividades de ensino e aprendizaxe relacionándose entre si, pois estas actividades complementanse, interactuando e reforzándose mutuamente, e en todo momento introducirase a linguaxe musical como apoio documental para que o alumnado vaia incorporando esta nova linguaxe dunha forma eminentemente práctica.

A comprensión dos elementos morfolóxicos e sintácticos da linguaxe musical contribúe a perfeccionar a capacidade de expresarse a través da interpretación e a creación do feito musical concreto, iniciándose así o proceso de adquisición dunha linguaxe; a súa aprendizaxe como instrumento de comunicación debe basearse tamén na audición comprensiva, na memoria musical, na práctica vocal e rítmica e no inicio á lectoescritura musical como recurso útil para fixar os conceptos lingüísticos.

Debido á idade na que está o alumnado en 1º da ESO, hai que ter en conta os cambios fisiolóxicos que se producen no noso alumnado, tanto nos nenos como nas nenas. Nesta etapa vital do alumnado chega normalmente a muda da voz e todos os estudos realizados neste ámbito amosan a necesidade de traballar a voz dun xeito práctico, lúdico e continuo nesta etapa, polo que a práctica vocal será básica no desenvolvemento da materia, ademais, de propiciar a continuidade no alumnado dente tipo de ferramentas.

Todo elo potenciase coas tecnoloxías da información, da comunicación e coa creación artística

que, aplicadas á música, constitúen un recurso importante para indagar, para obter información e para comunicarse, e un medio para crear e descubrir músicas de todos os estilos e culturas, facendo fincapé na nosa herdanza cultural galega e española como bases para xerar unha identidade musical nos nosos estudantes.

O Obradoiro de Música debe estar orientado a despertar o interese do alumnado por participar de forma activa, informada e lúdica como oínte, como intérprete ou como compositor tanto na súa vida académica como na súa vida privada; o seu ensino debe partir dos coñecementos previos, dos gustos e dos costumes musicais do alumnado, e abordarse desde a práctica musical activa e participación vinculada á reflexión sobre o realizado. Estes principios, orientados ao desenvolvemento das capacidades perceptivas e expresivas e á comprensión do feito musical, servirán de base para consolidar aprendizaxes que transcendan o contexto no que se produciron.

Esta materia contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico. No desenvolvemento desta materia deberase ter en conta o principio de igualdade por razón de xénero fomentando as vocacións musicais libres de estereotipos e prexuízos sexistas. Tal e como amosan numerosos estudos publicados, a práctica musical mellora a memoria, a concentración, a psicomotricidade, o control das emocións, a autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música favorece a adquisición das competencias clave, procura un ensino integral e axuda na maduración do alumnado novo.

As disciplinas musicais non só desenvolven a creatividade, a sensibilidade artística e o criterio estético, tamén axudan ao alumnado da mesma forma que o resto de materias desta etapa, a adquirir os coñecementos e as habilidades para construír a súa personalidade, a traballar en equipo, a desenvolver o pensamento crítico e a converterse en cidadáns e cidadás que actúen de forma responsable e autónoma. En definitiva, a actividade musical nas súas diversas facetas favorece as

capacidades sociais e expresivas do alumnado.

Obradoiro de Música. 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
Bloque 1. Interpretación e Creación				
- m - n	- B1.1 A figuración rítmica: redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios. - B1.2 A altura das notas - B1.3 O compás binario, ternario e cuaternario - B1.4 Utilización de grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas.	B1.1 Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas (redondas, brancas, negras e corcheas, e os seus silencios); sonoridade maior e menor; timbres instrumentais e vocais e diferentes intensidades e velocidades.	OMB1.1.1 Identifica figuras rítmicas básicas: redondas, brancas, negras e corcheas.	- CCEC - CMCCT
			OMB1.1.2 Diferenza en tornos melódicos maiores e menores.	- CCEC - CAA
			OMB1.1.3 Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	- CCEC - CMCCT - CAA
- k - g	- B1.5 Coñecemento básico do aparello fonador. Aplicación práctica. - B1.6 Iniciación ao canto: respiración diafragmática. Postura correcta para o canto, a emisión e a proxección vocal. Exercicios e quecemento vocal progresivo.	B1.2 Cantar as cancións e exercicios propostos en clase de forma correcta en todos os procesos: postura, respiración, emisión e resonancia da voz.	OMB1.2.1 Mantén unha correcta postura e respiración ao entoar.	- CAA - CCEC
			OMB1.2.2 Coñece e comprende o seu proceso de emisión e resonancia da voz.	- CCEC - CMCCT - CAA
			OMB1.2.3 Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.	- CAA - CCEC
			OMB1.2.4 Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.	- CCEC - CMCCT - CAA
- k - n	- B1.7 O corpo como medio de expresión musical: características xenéricas e formais. - B1.8 Improvisación de pequenas pezas de xeito individual mediante o uso da voz e da percusión corporal.	B1.3 Utilizar os diferentes sons producidos mediante percusión corporal e coa voz, para a creación, a improvisación e a interpretación de pequenas pezas rítmicas.	OMB1.3.1 Utiliza os elementos producidos para elaborar pezas instrumentais e vocais de carácter rítmico.	- CCEC - CAA
- a - j - l	- B1.9 A escala musical e o seu uso máis habitual na música occidental. Uso da escala diatónica maior e da escala pentatónica. - B1.10 Improvisación de pequenas estruturas polifónicas utilizando un ostinato e a escala pentatónica.	B1.4 Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns. A partir das indicacións do docente, coa voz, percusión corporal, pequena percusión, instrumentos de láminas e demais instrumentos de aula.	OMB1.4.1 Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns	- CAA - CCEC
			OMB1.4.2 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións e pezas instrumentais.	- CAA - CCEC
			OMB1.4.3 Realiza improvisacións e composicións partindo de	CSIEE

Obradoiro de Música. 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
			pautas previamente establecidas.	
- a - k - l	- B1.11 As posibilidades expresivas do noso corpo. Elementos básicos da expresión corporal. - B1.12 Utilización da escoita de pequenas melodías para realizar coreografías individuais.	B1.5 Integrar os movementos dunha coreografía de forma sincronizada co pulso.	OMB1.5.1 Utiliza os elementos e recursos adquiridos para elaborar coreografías.	- CAA - CCEC
			OMB1.5.2 Segue o pulso ao moverse en coreografías.	- CAA - CCEC
k	- B1.13 Ergonomía. Elementos para unha correcta colocación postural á hora de interpretar calquera instrumento ou de traballar a nosa voz. - B1.14 Técnica básica na pequena percusión.	B1.6 Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada e con precisión rítmica e melódica.	OMB1.6.1 Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos.	- CAA - CCEC
			OMB1.6.2 Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos.	- CAA - CCEC
			OMB1.6.3 Busca a precisión rítmica e melódica nas interpretacións.	- CAA - CCEC
			OMB1.6.4 Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación axeitadas ao nivel.	- CAA - CCEC - CSIEE
- f - j	- B1.15 A forma musical: formas binarias e ternarias. - B1.16 Elementos básicos dos fundamentos da composición: a repetición, a imitación e a variación	B1.7 Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	OMB1.7.1 Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais.	CCEC
- b - d - l - m - n	B1.17 Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e da lectura de partituras.	B1.8 Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.	OMB1.8.1 Amosa interese polo coñecemento e polo coidado da voz, do corpo e dos instrumentos.	- CAA - CCEC
	- B1.18 Práctica das pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as demais intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto. Atención ao silencio como elemento básico do feito musical. - B1.19 Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo e a achega das ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.		OMB1.8.2 Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e aos/as outros/as intérpretes, adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo	- CAA - CCEC - CSIEE - CSC
			OMB1.8.3 Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e de compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	- CAA - CCEC - CSIEE - CSC

Obradoiro de Música. 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
			OMB1.8.4 Amosa apertura e respecto cara as propostas do docente e dos compañeiros e compañeiras.	CSC
- a - b	B1.20 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.	B1.9 Demostrar interese polas actividades de composición e de improvisación e amosar respecto polos creacións de seus compañeiros e compañeiras.	OMB1.9.1 Demostra unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros e compañeiras.	- CAA - CCEC - CSIEE - CSC
- e - f - l	- B1.21 Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación. - B1.22 Aproximación ás distintas tecnoloxías musicais e ás súas posibilidades creadoras.	B1.10 Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.	OMB1.10.1 Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.	- CAA - CCEC
Bloque 2. Escoita				
- c - j - l - m - n	- B2.1 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. - B2.2 Clasificación e discriminación auditiva dos tipos de voces e de instrumentos, e das agrupacións vocais e instrumentais.	B2.1 Identificar e coñecer as posibilidades físicas dos instrumentos de que se dispoña na aula.	OMB2.1.1 Diferenza as sonoridades dos instrumentos da aula, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.	- CAA - CCEC
- b - g - j - l - m	B2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.	B2.2 Analizar diversas producións sonoras e comparar diferentes versións das mesmas, valorando a práctica e a técnica dos/as intérpretes e o esforzo e a dedicación dos estudantes e dos profesionais da Música.	OMB2.2.1 Relaciona o feito musical con múltiples contextos.	- CCEC - CSC
			OMB2.2.2 Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.	- CCL - CSIEE
			OMB2.2.3 Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, mostrando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	- CSIEE - CAA
- b - j	B2.4 Elementos que interveñen na construción dunha obra musical: melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo, dinámica, etc.	B2.3 Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	OMB2.3.1 Segue partituras sinxelas como apoio á audición.	CCEC
- a - b - c	- B2.5 Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita. - B2.6 Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.	B2.4 Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.	OMB2.4.1 Valora o silencio como elemento indispensable para a audición.	- CCEC - CSIEE - CSC

Obradoiro de Música. 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
	minado de música e a contaminación sonora.			
Bloque 3. Contextos musicais e culturais				
- e - g - i - j - m - n	B3.1 A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.	B3.1 Realizar exercicios que reflectan a relación da música con outras disciplinas.	OMB3.1.1 Relaciona con coherencia diferentes disciplinas artísticas	- CAA - CCEC
			OMB3.1.2 Identifica funcións que cumpre a música na nosa	- CSC - CSIEE - CAA
- g - i - j - l	B3.2 Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.	B3.2 Amosar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.	OMB3.2.1 Amosa interese por coñecer distintos xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando delas como oínte.	- CCEC - CAA - CSC
			OMB3.2.2 Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.	- CCL - CSIEE - CSC
- j - l - m - n	B3.3 Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente a galega.	B3.3 Contextualizar as obras interpretadas, amosando interese por diversificar o seu repertorio.	OMB3.3.1 Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais.	- CCL - CCEC
			OMB3.3.2 Utiliza fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes e grupos de música popular, reflexionando sobre elas.	- CCL - CD - CSIEE
			OMB3.3.3 Interésase por ampliar e diversificar as preferencias.	- CAA - CD
Bloque 4. Música e Tecnoloxías				
- e - n	- B4.1 Utilización dos medios de comunicación, de dispositivos electrónicos, recursos da Internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical. - B4.2 Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.	B4.1 Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles, amosando un coñecemento básico das técnicas e procedementos necesarios para gravar e reproducir.	OMB4.1.1 Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízaas como ferramentas para a actividade musical.	CD

Obradoiro de Música. 1º ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis	Competencias Clave
	- B4.3 Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical. - B4.4 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais. - B4.5 Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.			
- e - n	B4.6 O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.	B4.2 Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a indagación do feito musical.	OMB4.2.1 Utiliza fontes e procedementos apropiados para a elaboración de traballos sobre temas relacionados co feito musical..	- CD - CSIEE

Igualdade de Xénero

Introdución

A igualdade de dereitos e oportunidades entre as mulleres e os homes, así como a perspectiva de xénero, deben integrarse en todas as etapas do sistema educativo coa finalidade de promover os valores necesarios para o exercicio dunha cidadanía democrática e para construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.

A pesar de que nas últimas décadas se produciron importantes avances na eliminación das desigualdades por razón de xénero, aínda se identifican en multitude de ámbitos mostras preocupantes de que non se acadou unha igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. Moitas destas mostras reproducense tamén entre o alumnado máis novo, de aí que sexa necesario integrar de maneira decidida a perspectiva de xénero, isto é, un enfoque que teña en consideración as diferenzas que existen entre mulleres e homes en distintas actividades ou ámbitos da vida co obxectivo de acadar a plena igualdade.

A educación constitúe un instrumento fundamental para mudar esta situación de desigualdade. Con esta materia preténdese concienciar o alumnado para que actúe de xeito crítico ante as situacións de desigualdade que percibe, no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersonais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual como parte dunha realidade plural e enriquecedora, onde non hai lugar para discriminacións ou exclusións de ningún tipo.

A diversificación formativa e profesional, así como a toma de decisións libres de estereotipos de xénero resultan imprescindibles para contribuír a este cambio social e para non perpetuar os mecanismos de selección educativos e profesionais baseados no xénero.

Por outra parte, na escola seguen a invisibilizarse, en moitos casos, as achegas das mulleres nos distintos campos do saber, o que fai que os referentes sigan a ser os valores predominantemente masculinos que dan continuidade a roles diferenciados en función do seu xénero.

A materia estrutúrase en catro bloques diferenciados. O primeiro deles, denominado “A construción

social das identidades sexuais e de xénero”, introduce os conceptos principais sobre xénero e igualdade relacionándoos coa realidade escolar, familiar e social, tratando de que poidan ser identificables nestes ámbitos polo alumnado. O obxectivo xeral consiste en iniciar unha toma de conciencia e reflexión sobre a situación da desigualdade, que será o desencadeante de situacións de discriminación, marxinalidade e violencia.

No segundo bloque, denominado “Relacións de xénero e afectividade”, trabállase a necesidade de abordar a convivencia e a relación entre os sexos, de reflexionar sobre a interdependencia entre os distintos xéneros e as relacións de afectividade e sexualidade. Segundo os modelos, os referentes ou os enfoques educativos que orienten a nosa aprendizaxe, a expresión da afectividade pode ser diversa; esta realidade debe ser necesariamente plural entre a mocidade. Abordar a convivencia e o desenvolvemento da sexualidade, a expresión e xestión da emocionalidade e dos afectos supoñerá participar e colaborar activamente nun dos obxectivos fundamentais da educación, como é que cada alumno e alumna adquira un coñecemento da propia identidade e unha imaxe das demais persoas libre de estereotipos, que saiba aceptarse e expresarse axeitadamente e con respecto nos afectos e nas súas relacións persoais e co outro sexo.

No terceiro bloque, “Da discriminación á igualdade de oportunidades”, trabállanse as dificultades das mulleres para visibilizarse e acadar o que xa moito antes conseguiron os homes (por exemplo, as loitas polo sufraxio, o dereito á educación, os postos de responsabilidade pública ou o acceso ao poder político, social e económico). O alumnado debe coñecer que as mulleres foron e seguen a ser discriminadas nos ámbitos público e privado (mercado laboral, salarios, tarefas domésticas, linguaxe...). Ademais, tamén debe ser consciente da súa invisibilidade no transcurso da historia, recollendo información sobre algunhas das mulleres esquecidas nos distintos ámbitos do saber e esferas sociais, tanto na antigüidade como no mundo contemporáneo.

O cuarto bloque, “Cara a unha sociedade sen violencia machista” pretende, en primeiro lugar, describir e poñer de relevo como as violencias machistas son consecuencia das múltiples discriminacións por cuestión de xénero. Explicaranse mediante exemplos as distintas tipoloxías de violencia, procurando facer ver que a de dominio (física e emocional) é o cumio do iceberg máis perceptible

da violencia machista. Visionarase a escaleira da violencia e valoraranse negativamente certas actitudes dentro da parella, algunhas naturalizadas e interiorizadas como probas de amor (control, celos...), aínda que acotío actúan de síntoma anticipatorio de condutas agresivas con consecuencias moi graves.

A amplitude e diversidade dos contidos propostos nesta materia, así como o seu carácter multidisciplinar, deixan aberto ao profesorado diferentes posibilidades de organización, secuenciación e concreción. A estruturación dos contidos que figuran nesta proposta non implica un tratamento diferenciado e separado, senón que todos os contidos deben traballarse de xeito progresivo e interrelacionado, o que é recomendable dende unha perspectiva metodolóxica. En todos os bloques resulta fundamental a motivación do alumnado para participar activamente nas tarefas e nos debates propostos, favorecendo o intercambio de ideas que conduzan a valorar positivamente a contribución persoal na construción dunha sociedade máis xusta.

Por outra parte, considérase imprescindible o fomento dun clima de confianza na aula, adecuado para a transmisión sincera de opinións e valoracións. Esta construción dunha convivencia positiva no espazo escolar permitirá a abordaxe desta materia de maneira integral, polo tanto, implica tamén o tratamento da educación emocional, das habilidades sociais e comunicativas e de todos aqueles elementos necesarios para saber convivir e relacionarse.

Tamén resultaría motivador para o alumnado, nalgún momento do curso académico, un traballo orientado á obtención dun produto final real (folleto, cartel, vídeo...) onde se integrasen as aprendizaxes, competencias, habilidades e actitudes adquiridas durante o curso.

Ademais resultaría de proveito que nalgúns dos contidos que se traten (linguaxe inclusiva, visibilidade das mulleres...), se colabore con outros departamentos didácticos e/ou servizos do centro, como por exemplo o departamento de Orientación ou o servizo de Mediación, no caso de que exista. Isto sería positivo, tanto para o alumnado como para o profesorado, pola optimización do tempo na explicación básica dos contidos así como para o rendemento do alumnado.

O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación. O respecto, a liberdade e a igualdade son tres dos piares básicos. Desde as aulas podemos ensinar aos nenos e nenas a ter unha visión do

mundo e das relacións entre xéneros, libre de prexuízos e estereotipos, construíndo unha sociedade igualitaria entre mulleres e homes.

Igualdade de xénero (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. A construción social das identidades sexuais e de xénero				
- a - c - d - g - l - m	- B1.1. Sociedade e xénero. Diferenza entre sexo e xénero. - B1.2. Igualdade formal e igualdade real. - B1.3. Feminismo e machismo. - B1.4. Sexismo, roles de xénero e estereotipos.	B1.1. Comprender os conceptos básicos do ámbito da igualdade aplicándoos á vida real.	- IGUB1.1.1. Observa as diferenzas nas escollas entre mulleres e homes en situacións reais no ámbito do lecer (xogo, deporte...). - IGUB1.1.2. Analiza as causas que determinan as escollas das mulleres e dos homes. - IGUB1.1.3. Valora a igualdade na toma de decisións e rexeita estereotipos e prexuízos sexistas.	- CCEC - CSC - CCEC - CSC - CCEC - CSC
- a - c - d - g - l - m - o	- B1.5. O proceso de socialización. Interiorización dos roles de xénero. - B1.6. A construción das identidades sexuais e de xénero na adolescencia. Consecuencias no proxecto vital.	B1.2.Comprender o proceso de socialización na construción das identidades de xénero.	IGUB1.2.1. Compara os modelos de comportamento que representan homes e mulleres no seu contorno (familia, escola, amizades...) e analiza como inflúen no proxecto de vida.	- CAA - CCEC - CSC
- a - c - d - g - h - l - m - o	- B1.7. Estereotipos de masculinidade, feminidade, maternidade e paternidade. Diversidade de modelos familiares. - B1.8. Os axentes de socialización na transmisión de estereotipos e prexuízos sexistas.	B1.3. Analizar tipos de familias do contorno máis próximo, rexeitar situacións de discriminación e desigualdade e identificar a influencia dos diversos axentes de socialización (TV, prensa, noticias en internet...).	- IGUB1.3.1. Identifica distintos modelos de familias e recoñece estereotipos na sociedade poñendo exemplos tirados de distintos ámbitos (familia, escola, amizade, medios de comunicación...). - IGUB1.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	- CAA - CCEC - CSC - CCL - CD - CAA - CSIEE - CCEC - CSC
Bloque 2. Relacións de xénero e afectividade				
- a - c - d - g	- B.2.1. As relacións entre sexos: expresión das emocións e dos afectos. - B.2.2 Atracción, mitos e modelos de amor. - B.2.3. As relacións de parella e relacións de poder.	B2.1. Recoñecer situacións de desigualdade na expresión das emocións e dos afectos e propoñer alternativas dende o respecto.	- IGUB2.1.1. Nomea distintos estados emocionais e pon exemplos en situacións reais ou simuladas de relacións afectivas con trazos negativos ou de dependencia. - IGUB2.1.2. Distingue distintos tipos de relacións afectivas	- CCL - CSC - CCL

Igualdade de xénero (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- h - l - m	B.2.4. Outras alternativas: novas masculinidades e feminidades. Deconstrución de roles.		entre persoas (amizade, atracción, relación de parella) a partir de situacións dadas.	- CAA - CSC
			IGUB2.1.3. Identifica modelos de relación tradicionais de parella a partir de exemplos reais que propoñan ou situacións simuladas.	- CAA - CSC
			IGUB2.1.4. Compara distintos modelos de relacións, a partir de diferentes produtos audiovisuais (curtas, series de TV, música...), identifica os seus condicionamentos e valora a diversidade.	- CAA - CSC
- a - b - c - d - g - h - l - m	- B2.5. A construción social da sexualidade dende a perspectiva de xénero. - B2.6. As relacións afectivas e sexuais: o papel do home e da muller na sexualidade dominante. - B2.7. Orientacións e identidades na sexualidade: construción social dende estereotipos de xénero.	B2.2. Recoñecer a sexualidade e a súa construción como un proceso persoal e vital e rexeitar condicionamentos non igualitarios na súa expresión e desenvolvemento respecto do modelo dominante.	IGUB2.2.1. Identifica e diferencia distintos ámbitos da sexualidade a partir de exemplos reais ou simulados axeitados para a súa etapa evolutiva, recoñecendo estereotipos culturais e posibles desigualdades.	- CCL - CAA - CSC
			IGUB2.2.2. Compara os roles do home e da muller nas relacións afectivas e sexuais no modelo dominante a través de imaxes ou vídeos propostos.	- CD - CSC
- a - b - c - d - e - g - h - l - m - o	- B2.8. O trato igualitario nas relacións afectivas e sexuais. - B2.9. Respecto e comprensión nas relacións afectivas entre os sexos. - B2.10. Estratexias de análise e resolución de conflitos. - B2.11. Novas maneiras de relacionarse: oportunidades e riscos para a igualdade no mundo dixital.	B2.3. Comprender e valorar novas maneiras de relacionarse e de convivir dende o trato igualitario e positivo e transferir as estratexias e aprendizaxes á propia realidade persoal.	IGUB2.3.1. Identifica condutas e estratexias de respecto e comprensión nas relacións afectivas e sexuais a partir de casos prácticos ou debates.	- CSIEE - CSC
			IGUB2.3.2. Procura fórmulas para resolver os conflitos a través da escoita activa, a asertividade, a empatía e o diálogo construtivo.	- CSIEE - CSC
			IGUB2.3.3. Identifica as posibilidades que ofrecen as TIC como medio de comunicación e interacción entre iguais a través de exemplos comúns e utilizaas sen incorrer en desigualdades nin riscos para a propia integridade e a dos demais.	- CCL - CD - CSC
			IGUB2.3.4. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando de xeito igualitario.	- CCL - CD - CAA - CSIEE

Igualdade de xénero (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
				CSC
Bloque 3. Da discriminación á igualdade de oportunidades				
- a - c - d - e - g - l - m	- B3.1. Dereitos humanos e igualdade. - A evolución e a conquista dos dereitos. - B3.2. O principio de igualdade e non discriminación.	B3.1. Coñecer os dereitos humanos fundamentais.	IGUB3.1.1. Identifica fitos na consecución de dereitos ao longo da historia da humanidade.	- CAA - CSC
		B3.2. Extraer conclusións sobre a diferente participación de homes e mulleres nos distintos ámbitos sociais.	IGUB3.2.1. Compara a adquisición dos dereitos por parte das mulleres e dos homes e recoñece as situacións discriminatorias que dan lugar á vulneración de dereitos humanos a través de exemplos concretos: dereito ao voto, á educación, á representación pública...	- CAA - CSC
- a - b - c - d - e - g - h - l - m - o	B3.3. Evidencias da discriminación das mulleres nos ámbitos público e privado.	B3.3. Identificar a participación de mulleres e homes nos ámbitos público e privado, recoñecendo a diversidade de situacións discriminatorias cara ás mulleres e analizando as consecuencias negativas para o desenvolvemento da autonomía persoal.	IGUB3.3.1. Busca e selecciona mostras da desigualdade por razón de sexo e xénero a través de diferentes exemplos: na división sexual do traballo, acceso ao mundo laboral, salarios, masculinización e feminización dos perfís profesionais, corresponsabilidade no ámbito doméstico, uso desigual dos espazos e aproveitamento dos tempos de ocio, uso das novas tecnoloxías, feminización da pobreza...	- CD - CAA - CSC
			IGUB3.3.2. Valora os dereitos acadados para o desenvolvemento e a autonomía persoal.	- CSIEE - CSC
			IGUB3.3.3. Participa de maneira activa nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	- CCL - CD - CAA - CSIEE - CSC
- a - b - c - d - e - g - h - l	B3.4. Visibilidade das mulleres nos distintos eidos (historia, cultura, ciencia...) e recoñecemento da súa contribución en diversas esferas sociais.	B3.4. Coñecer e valorar o papel das mulleres ao longo da historia e no tempo contemporáneo, así como o proceso de ocultación sufrida.	IGUB3.4.1. Consulta e utiliza, de forma autónoma, fontes de información básicas (dixitais e outras) para a realización de traballos sinxelos sobre o labor de mulleres representativas nalgúns dos campos do coñecemento, da realización persoal, do lecer...	- CCL - CD - CAA

Igualdade de xénero (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
▪ m ▪ o				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ l ▪ m ▪ o	▪ B3.5. A linguaxe inclusiva dende a perspectiva de xénero. Criterios de uso.	▪ B3.5. Coñecer e aplicar os mecanismos de uso da linguaxe inclusiva.	▪ IGUB3.5.1. Identifica os recursos lingüísticos que contribúen a visibilizar as mulleres no discurso a través do uso dunha linguaxe inclusiva.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ IGUB3.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.	▪ CCL
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ g ▪ l ▪ m	▪ B3.6. Alternativas para acadar a igualdade real de mulleres e homes (políticas sociais, cambio xeracional, cambio persoal...).	▪ B3.6. Incorporar as principais aprendizaxes á realidade persoal e social.	▪ IGUB3.6.1. Identifica actitudes positivas propias ou no seu contorno situacións de cambio que conduzan á igualdade entre os sexos.	▪ CAA ▪ CSC
			▪ IGUB3.6.2. Realiza propostas para conseguir a ampliación de dereitos e acadar así a igualdade real e efectiva, así como a visibilidade social da muller.	▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CSC
Bloque 4. Cara a unha sociedade sen violencia machista				
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e ▪ l ▪ m	▪ B4.1. A violencia machista como consecuencia da desigualdade. A escalada da violencia machista: dende o micromachismo á agresión.	▪ B4.1. Comprender que as distintas desigualdades derivan en discriminacións e violencias.	▪ IGUB4.1.1. Identifica e xerarquiza feitos, actitudes e comportamentos discriminatorios e relacións coa violencia machista.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
▪ a ▪ c ▪ d ▪ e	▪ B4.2. Identificación e recoñecemento de distintos tipos de violencia machista. As consecuencias nas persoas que a sofren.	▪ B4.2. Identificar, recoñecer e analizar as consecuencias dos distintos tipos de violencia machista.	▪ IGUB4.2.1. Identifica algúns tipos de violencia a partir de exemplos diversos e clasifícaa (violencia psicolóxica, física...).	▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC
			▪ IGUB4.2.2. Recoñece o ciclo da violencia a partir de	▪ CCL

Igualdade de xénero (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- g - l - m			situacións de agresións propostas.	CSC
- a - b - c - d - e - g - h - l - m - o	- B4.3. Sinais de alerta na mocidade. Detección e prevención de condutas violentas en relación co xénero. - B4.4. Rexeitamento das condutas violentas por razón de xénero.	B4.3. Identificar os diversos sinais de alerta para detectar e prever a violencia machista nas relacións interpersoais propias e/ou do seu contorno.	IGUB4.3.1. Recoñece os sinais de alerta que permiten distinguir un caso de violencia machista, identifícalos en casos prácticos e denuncia as condutas violentas.	- CCL - CAA - CSIEE - CSC
			IGUB4.3.2. Participa, de maneira activa, nos diálogos propostos na clase, respectando as normas de interacción, intervención e cortesía e realiza produtos (textuais, gráficos e audiovisuais) cooperando con actitudes igualitarias.	- CCL - CD - CAA - CSIEE - CSC
- a - b - c - d - e - g - l - m	B4.5. A trata de persoas e a escravitude sexual como forma de violencia contra as mulleres.	B4.4. Buscar exemplos da trata de mulleres e nenas en distintos medios audiovisuais e escritos.	IGUB4.4.1. Busca exemplos da trata de persoas e da escravitude sexual nos medios de comunicación.	- CCL - CD - CSIEE - CSC
- a - b - c - d - e - g - h - l - m	B4.6. Solucións para saír da espiral da violencia.	B4.5. Demostrar solidariedade con todas as vítimas da violencia machista.	IGUB4.5.1. Realiza un produto (cartel, folleto, presentación, artigo xornalístico, blog...) que expoña de xeito sinxelo e positivo mensaxes e propostas de solución para afrontar as situacións de violencia machista.	- CCL - CD - CAA - CSIEE - CSC
			IGUB4.5.2. Incorpora, de xeito gradual, a linguaxe inclusiva nas súas intervencións orais e producións escritas.	CCL

Igualdade de xénero (1º/2º curso da ESO)				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
- n - o				

Electrotecnia

Introdución

Os fenómenos electromagnéticos e os seus efectos atópanse entre os campos do coñecemento actual que producen máis aplicacións tecnolóxicas innovadoras. Na electrotecnia estúdanse as aplicacións técnicas da electricidade, entre as que se inclúen os circuítos eléctricos e electrónicos, e as máquinas eléctricas e as instalacións e sistemas eléctricos. Estas aplicacións modifican substancialmente os procesos de produción e impulsan a economía porque aceleran a investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico, e optimizan a xestión do coñecemento. A comprensión dos fundamentos de tales fenómenos e o coñecemento dos sistemas nos que se aplican é, polo tanto, un aspecto clave da formación tecnolóxica.

A materia de electrotecnia, neste sentido, apoiase nos coñecementos adquiridos en etapas educativas anteriores e nas materias de física, de tecnoloxía industrial e de matemáticas do bacharelato para aportar ao currículo un valor formativo adicional, resultante da relación entre o coñecemento científico e a aplicación tecnolóxica, de especial importancia cara a estudos posteriores.

Na ensinanza da electrotecnia trátase de desenvolver de maneira equilibrada os tres eixes transversais que a configuran. Por unha parte formalízase a teoría de circuítos eléctricos para aplicala a dispositivos e instalacións eléctricos. En segundo lugar, preséntanse as solucións técnicas que permiten a utilización da electricidade nunha ampla variedade de aplicacións e, en terceiro lugar, realízanse ou simúlanse montaxes nas que se miden parámetros eléctricos. A electrotecnia, neste sentido, aporta actividades que combinan a análise, a simulación e a aplicación, contribuíndo a desenvolver competencias establecidas no currículo, especialmente a competencia matemática e a competencia en ciencia e tecnoloxía.

O currículo preséntase organizado en catro bloques dos que o primeiro, “Circuítos eléctricos”, se dedica á análise dos circuítos eléctricos de corrente continua e alterna, e á descrición do seu funcionamento. Tamén se inclúe neste bloque a realización de medidas eléctricas, que debe combinarse coa análise, co deseño e coa montaxe de circuítos, e coa elaboración e a interpretación de

esquemas eléctricos normalizados. En varios destes aspectos será útil o emprego de programas informáticos específicos e de simulación para complementar a experiencia que proporciona o traballo con circuítos reais.

O segundo bloque trata as “Máquinas eléctricas”, especialmente os transformadores e os motores, que debería centrarse na facilidade de conversión da enerxía eléctrica noutras formas de enerxía e na análise do rendemento destes procesos.

No terceiro bloque, “Electrónica”, utilízase a teoría de circuítos para analizar circuítos básicos con semicondutores e estudar a rectificación, a estabilización, a amplificación e a conmutación, coñecemento que debe aplicarse á análise de circuítos electrónicos característicos e de equipamentos electrónicos de uso común. Trátase de identificar compoñentes e bloques funcionais para describir a función dos compoñentes e o funcionamento dos equipamentos. A utilización dun contorno de simulación e a realización de montaxes reais poden combinarse para facilitar a comprensión do funcionamento dos semicondutores e das súas aplicacións, ademais de proporcionar unha base adecuada para valorar a importancia da electrónica nos avances tecnolóxicos.

O bloque catro, “Instalacións eléctricas”, trata os aspectos relacionados coas normas e a súa relevancia para facilitar a aplicación universal da tecnoloxía eléctrica. O alumnado debe percibir que as instalacións domésticas representan unha parte substancial do consumo total de enerxía e que a aplicación correcta das normas e das boas prácticas en materia de consumo, producen contornos de traballo máis seguros e confortables e, sobre todo, sostibles.

Esta materia favorece a reflexión sobre as implicacións tecnolóxicas e sociais do coñecemento científico e tecnolóxico. Analizando a forma na que o progreso técnico nos campos da electricidade e da electrónica inflúe na sociedade actual e se reflicte en normas respectuosas co ambiente e coa seguridade pode amosarse que é posible potenciar o benestar social ao tempo que se reduce o impacto ambiental da aplicación da tecnoloxía. Neste senso, a materia de electrotecnia pode contribuír notablemente á toma de conciencia dos futuros cidadáns e cidadás diante dos retos tecnolóxicos, outro aspecto clave da formación do alumnado, que sen dúbida repercutirá no benestar da sociedade do século XXI.

No desenvolvemento desta materia deberase ter en conta o principio de igualdade por razón de xénero fomentando o libre acceso das mulleres ás profesións técnicas sen condicionamentos provocados pola influencia dos prexuízos e estereotipos sexistas.

Electrotecnia. 2º Bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
Bloque 1. Circuitos eléctricos				
- d - i - l - m	- B1.1 Magnitudes e unidades eléctricas. - B1.2 Campo eléctrico, diferenza de potencial, carga eléctrica e capacidade. Permitividade dieléctrica. Condensadores. - B1.3 Forza electromotriz, intensidade de corrente e resistencia eléctrica. Resistividade. Lei de Ohm. - B1.4 Campo magnético: leis de Faraday-Lenz e Ampère. Permeabilidade magnética. Solenoides e bobinas. Autoindución. - B1.5 Relación entre tensión e corrente nos compoñentes pasivos.	B1.1 Aplicar os principios da electricidade para describir matematicamente o funcionamento dos compoñentes pasivos e calcular os seus parámetros eléctricos.	ELB1.1.1 Calcula os parámetros eléctricos dos compoñentes pasivos a partir das súas características físicas.	- CMCCT - CAA
			ELB1.1.2 Reduce as asociacións de compoñentes eléctricos do mesmo tipo aos compoñentes equivalentes.	- CMCCT - CAA
- d - e - i - l - m	- B1.3 Forza electromotriz, intensidade de corrente e resistencia eléctrica. Resistividade. Lei de Ohm. - B1.6 Traballo, enerxía e potencia eléctricas. Lei de Joule. - B1.7 Carga e descarga de condensadores.	B1.2 Explicar cualitativamente os fenómenos derivados dunha alteración nun elemento dun circuito eléctrico sinxelo e estimar as variacións que se espera que tomen os valores das magnitudes eléctricas.	ELB1.2.1 Relaciona as alteracións en elementos dun circuito eléctrico sinxelo coas variacións que se espera que tomen os valores de tensión e corrente neles.	- CMCCT - CAA - CSIEE
- d - i - l - m	- B1.8 Circuitos eléctricos de corrente continua. Conexión de compoñentes activos e pasivos: xeradores e receptores. Leis de Kirchhoff. - B1.9 Simbología normalizada. - B1.10 Consumo de enerxía e disipación de potencia nos compoñentes pasivos en corrente continua. Potencia suministrada e rendemento dun xerador real.	B1.3 Calcular os valores das magnitudes eléctricas en circuitos de corrente continua.	ELB1.3.1 Calcula os valores das correntes e das tensións nun circuito eléctrico de corrente continua aplicando as leis de Kirchhoff, se fose necesario.	- CMCCT - CAA
			ELB1.3.2 Representa e interpreta esquemas de circuitos eléctricos básicos de corrente continua.	- CCL - CMCCT - CAA
			ELB1.3.3 Calcula a enerxía disipada e a potencia consumida nos compoñentes eléctricos.	- CMCCT - CAA
- e - d - i - l - m	- B1.11 Circuitos eléctricos de corrente alterna monofásica. Características e parámetros da corrente alterna. - B1.5 Relación entre tensión e corrente nos compoñentes pasivos. - B1.12 Efectos da resistencia, da autoindución e da capacidade na corrente alterna. - B1.13 Impedancia dos compoñentes pasivos. Variación da impedancia coa frecuencia: resonancia.	B1.4 Analizar o comportamento de circuitos de corrente alterna, en contornos reais ou simulados, calcular os valores das magnitudes eléctricas e representalas vectorialmente.	ELB1.4.1 Calcula a impedancia de circuitos mixtos simples, compostos por cargas resistivas e reactivas.	- CMCCT - CAA
			ELB1.4.2 Calcula os valores das correntes e das tensións en circuitos de corrente alterna alimentados por un xerador senoidal monofásico.	- CMCCT - CAA
			ELB1.4.3 Representa vectorialmente as magnitudes eléctricas nos compoñentes dun circuito de corrente alterna.	- CMCCT - CAA

Electrotecnia. 2º Bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
	- B1.14 Representación gráfica das magnitudes da corrente alterna: fasores. - B1.15 Enerxía e potencia en corrente alterna. Potencias aparente, activa e reactiva. Factor de potencia. - B1.9 Simbología normalizada.		ELB1.4.4 Calcula as potencias disipada, reactiva e aparente, e o factor de potencia nos compoñentes pasivos dun circuito de corrente alterna.	- CMCCT - CAA - CSIEE
- a - b - d - i - l - m	- B1.16 Instrumentos de medida. Voltímetro, amperímetro, óhmetro e polímetro. Osciloscopio. - B1.17 Técnicas de medida. Influencia dos instrumentos nos resultados das medidas. - B1.18 Normas de seguridade na realización de medidas de magnitudes eléctricas.	B1.5 Realizar medidas de magnitudes características en circuitos eléctricos de corrente continua e alterna aplicando o procedemento adecuado.	ELB1.5.1 Selecciona os aparatos de medida adecuados, conéctaos correctamente e elixe a escala óptima, mide as magnitudes básicas de circuitos eléctricos de corrente continua e alterna e verifica o estado dos compoñentes activos e pasivos.	- CMCCT - CAA - CSIEE
			ELB1.5.2 Realiza medidas eléctricas de forma segura tanto para a persoa que a realiza como para os circuitos ou as instalacións eléctricas.	- CMCCT - CAA - CSC - CSIEE
Bloque 2. Máquinas eléctricas				
- b - d - e - i - l - m	- B2.1 Campos e forzas magnéticas creados por correntes eléctricas. Indución electromagnética. Forza sobre unha corrente nun campo magnético. - B2.2 Funcionamento das máquinas eléctricas. Campo xiratorio.	B2.1 Explicar o funcionamento das máquinas eléctricas básicas en relación cos fenómenos eléctricos e magnéticos.	ELB2.1.1 Explica o funcionamento de dispositivos destinados a producir enerxía motriz e sinala as relacións e interaccións entre os fenómenos que teñen lugar.	- CCL - CMCCT - CAA
- d - e - i - l - m	- B2.3 Máquinas de corrente continua: tipos de conexión. Aplicacións. - B2.4 Máquinas de corrente alterna. Tipos. Aplicacións. - B2.5 Transformadores: relación de tensións. Aplicacións. - B2.6 Potencia, par motor e rendemento. Perdas en máquinas eléctricas.	B2.2 Interpretar as especificacións técnicas de máquinas eléctricas e determinar as magnitudes principais do seu comportamento en condicións nominais.	ELB2.2.1 Identifica os parámetros principais das máquinas eléctricas.	CMCCT
			ELB2.2.2 Analiza esquemas de circuitos de máquinas eléctricas e explica o seu funcionamento.	- CCL - CMCCT - CAA - CSIEE
			ELB2.2.3 Realiza medidas de parámetros de funcionamento de máquinas eléctricas.	CMCCT
Bloque 3. Electrónica				

Electrotecnia. 2º Bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
▪ d ▪ e ▪ i ▪ g ▪ l ▪ m	▪ B3.1 Semicondutores. Funcionamento de díodos e transistores. ▪ B3.2 Circuitos básicos con díodos e transistores. Rectificación e estabilización. Amplificación e conmutación. Polarización e punto de traballo. Corte e saturación. Potencia disipada nun compoñente semiconductor. ▪ B3.3 Tratamento de sinais. Amplificadores operacionais. ▪ B3.4 Sensores e transdutores. Micrófonos e altosfalantes. ▪ B3.5 Funcionamento, tipos e diagrama de bloques de fontes de alimentación e doutros circuitos electrónicos característicos de complexidade similar. ▪ B3.6 Funcionamento e diagrama de bloques de equipamentos electrónicos de uso común. ▪ B3.7 Medida de magnitudes eléctricas en circuitos electrónicos.	▪ B3.1 Explicar o funcionamento de circuitos electrónicos característicos con transistores e díodos e calcular os parámetros dos compoñentes electrónicos dos que constan.	▪ ELB3.1.1 Identifica a función de elementos discretos ou de bloques funcionais en esquemas de circuitos electrónicos sinxelos.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ ELB3.1.2 Realiza os cálculos necesarios para determinar as magnitudes eléctricas nun circuito electrónico.	▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ ELB3.1.3 Representa e interpreta esquemas de circuitos electrónicos característicos.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA
			▪ ELB3.1.4 Realiza montaxes reais ou simuladas de circuitos electrónicos a partir dun esquema.	▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
Bloque 4. Instalacións eléctricas				
▪ a ▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ i ▪ l ▪ m	▪ B4.1 Instalacións eléctricas: tipos ▪ B4.2 Instalacións interiores en vivendas. Cadro de mando e protección. Circuitos de distribución interna. ▪ B4.3 Simbología, normas e seguridade.	▪ B4.1 Analizar instalacións de vivendas, reais ou simuladas, interpretando esquemas eléctricos, realizar montaxes de pequenas instalacións e identificar os riscos para a seguridade para as persoas.	▪ ELB4.1.1 Interpreta esquemas de instalacións eléctricas de vivendas e realiza a súa montaxe en contornos de traballo reais ou simulados.	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ ELB4.1.2 Identifica os riscos para a seguridade para as persoas derivados do uso incorrecto de instalacións eléctricas ou dos defectos no seu deseño ou na súa montaxe	▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CSC

